



## **REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DA INMIGRACIÓN DO CONCELLO DE MARÍN.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Consello municipal das persoas inmigrantes é un órgano de participación, consulta e asesoramento, non vinculante da administración municipal en todos os asuntos nos que se considere necesario asesorarse, informar e consultar en relación coa integración e promoción da poboación estranxeira.

Configúrase como un órgano permanente de participación, facendo de punto de encontro entre a Administración local e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballen neste ámbito. Buscando as mellores solucións para acadar un maior nivel de benestar, así como, a autonomía e a integración social das persoas inmigrantes que veñan a establecerse na nosa vila de Marín.

### **ARTIGO I. FUNCÍONS DO CONSELLO MUNICIPAL DA INMIGRACIÓN.**

As funcións a seguir polo Consello Municipal da inmigración serán as seguintes:

1. Promover a solidariedade e a participación cidadá co fin de incrementar a corresponsabilidade na integración da poboación inmigrante.
2. Potenciar a participación social e política das persoas inmigrantes e das entidades que traballan pola súa integración.
3. Establecer un espazo de intercambio, impulso e difusión intercultural.
4. Rexeitar e denunciar toda mostra de intolerancia, discriminación, racismo e xenofobia.
5. Fomentar o achegamento e sensibilización da poboación de Marín ata a realidade social da inmigración.
6. Analizar as actuacións e intervencións que no ámbito da inmigración se produzan no Concello para darlles resposta.
7. Promover as actividades e iniciativas do Concello relacionadas coa inmigración, derivadas das análises, estudos e demandas realizadas sobre temas relativos os inmigrantes e potenciar a coordinación entre as institucións que traballan na consecución deste obxectivo no Municipio.
8. Fomentar o desenvolvemento do asociacionismo das persoas inmigrantes do noso municipio.
9. Estudar e emitir informes sobre temas que considere de interese para os distintos colectivos inmigrantes.
10. Informar, debater e difundir temas sobre os dereitos das persoas inmigrantes.
11. Facilitar a presenza e participación das persoas inmigrantes en tódolos ámbitos intentando conseguir a súa integración nas institucións.
12. Promover a elaboración e divulgación de estudos sobre a situación das persoas inmigrantes, e calquera outra acción que se derive da propia dinámica social do municipio.
13. Presentar iniciativas, propostas ou suxerencias ás diversas Concellerías, á Corporación, ós Consellos municipais e a cantas outras institucións e administracións públicas, incidan coas súas actuacións neste ámbito, co gallo de garantir a coordinación das actuacións que se



deriven da mesma, así como as propostas de actividades ou accións que deriven da consecución dun Plan Municipal para a resolución da problemática das persoas inmigrantes.

14. Calquera outro fin tendente á prevención da exclusión e ó apoio á integración social das persoas inmigrantes residentes no concello que contribúa a acadar o benestar, a autonomía e a integración social no noso municipio.

A consecución destes fins se atribúense sen menoscabo das funcións que lles corresponden a outros órganos de representación e participación legalmente establecidos.

## **ARTIGO II. COMPOSICIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DA INMIGRACIÓN.**

O Consello Municipal da Inmigración do Concello de Marín terá a seguinte composición:

- Presidencia: Recae na persoa que ocupe a Alcaldía ou Concelleira/o da corporación en quen delegue.
- Vicepresidencia: Recae na persoa que ocupe a delegación na área de inmigración.
- Vogais:
  - As/Os concelleiras/os delegadas/os nas áreas de servizos sociais, educación, cultura e emprego.
  - Un/unha representante de cada grupo Municipal existente na corporación.
  - Unha/un representante de cada unha das asociacións de colectivos inmigrantes do Municipio que deberán estar inscritas como tales no Rexistro de Asociacións Municipal.
  - Unha representante de cada unha das asociacións que traballan pola integración do colectivo inmigrante.
  - Un/ha representante das asociacións de mulleres.
  - Un/ha representante das empresas usuarias do porto de Marín.
  - Unha representante dos Servizos Sociais do Concello.
  - Unha representante do CIM. (Centro de información das mulleres)
  - Un/ha representante da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia.
- A/o secretaria/o

As persoas que ocupen as vogalías do Consello serán designados mediante o correspondente acordo polas asociacións, entidades ou institucións ás que representan.

Por cada membro ou vogal poderase designar unha/un suplente que asista as xuntanzas e participe das tarefas da/o titular por ausencia xustificada desta/e.

A composición do Consello Municipal da Inmigración poderá renovarse, aínda que poden ser designadas as mesmas persoas, cando se renove a Corporación Municipal, e no prazo máximo de catro meses despois de constituída.

## **ARTIGO III. PERDA DA CONDICIÓN DE INTEGRANTE DO CONSELLO MUNICIPAL DA INMIGRACIÓN.**

- Por falecemento, vontade propia ou renuncia expresa.
- Por revogación por parte da entidade á que se representa.
- Por causar baixa no Rexistro de Asociacións Municipais.
- Por falta inxustificada tres veces consecutivas ó Pleno do Consello Municipal da Inmigración.



- Por calquera incumprimento grave e reiterado do presente Regulamento e das súas obrigas como integrante do Consello Municipal da Inmigración.
- Por actuacións negativas ou contrarias os fines do propio consello.

#### **ARTIGO IV. ÓRGANOS DO CONSELLO DA INMIGRACIÓN.**

O Consello Municipal da Inmigración do Concello de Marín contará cos seguintes órganos:

1.- Cargos Unipersoais de responsabilidade:

- Presidencia
- Vicepresidencia

2.- Secretaría

3.- O Pleno.

#### **ARTIGO V. DA PRESIDENCIA**

Asumirá as seguintes funcións:

- Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello.
- Ostentar a representación do consello.
- Convocar, presidir e moderar as sesións
- Preparar a orde do día.
- Ordenar os debates, someter a votación os acordos e dirimir en caso de empate
- Executa-los acordos do Consello.
- Velar pola correcta aplicación do Regulamento de participación e a presente normativa.

#### **ARTIGO VI. DA VICEPRESIDENCIA**

Asumirá as seguintes funcións:

- Suplir as funcións da Presidencia por delegación desta, en caso de ausencia, enfermidade ou calquera outra circunstancia que impida a súa presenza.
- Auxiliar á Presidencia nos asuntos que esta requira.

#### **ARTIGO VII. DA SECRETARÍA**

A persoa encargada da Secretaría do Consello Municipal da Inmigración será a da Corporación, ou persoal funcionario en quen delegue. Terá entre outras atribucións:

- Preparar a orde do día.
- Realizar as correspondentes convocatorias.
- Levantar acta das sesións dos órganos do Consello Municipal da Inmigración e custodiar as mesmas.



- Expedir certificacións dos acordos adoptados.
- Asistir ás reunións con voz pero sen voto.
- Todas aquelas que lle sexan propias do seu labor de secretaria/o, de acordo coa lexislación vixente.

## **ARTIGO VIII. DO PLENO**

O Pleno é o órgano superior do Consello Municipal da Inmigración e estará integrado pola totalidade das/dos compoñentes referidos no art. II.

### **A. CONSTITUCIÓN E CONVOCATORIAS**

Para a súa constitución necesitarase que asistan os 2/3 dos/das integrantes, ademais da Presidencia e Secretaria. Será convocado:

- Con carácter ordinario unha vez cada seis meses, cunha antelación mínima de cinco días sobre a data da xuntanza.
- Con carácter extraordinario cantas veces o decida a Presidencia, ou así o soliciten as 3/5 partes dos/das compoñentes no prazo máximo dos tres días hábiles seguintes á data de entrada da solicitude.

En cada unha das sesións fixarase a data e hora da seguinte reunión.

### **B. SESIÓN**

O voto no Pleno do Consello será persoal e indelegable. A ausencia de conselleiras/os a efecto de votación equivalerá á abstención.

Poderán asistir ás sesións persoal experto na materia obxecto de deliberación con voz pero sen voto.

Nas sesións os acordos serán adoptados, como regra xeral, por maioría simple e votación ordinaria. En caso de empate, efectuarase outra nova votación e de persistir decidirá o voto de calidade da Presidencia

Ó comezo das sesións a orde do día servirá como introducción ó debate.

Cando nas sesións se aborden temas relativos a persoas deberá gardarse total confidencialidade.

As actas terán carácter de documento público.

### **C. COMISIÓNS DE TRABALLO**

No caso de que fose necesario o estudo en detalle dun tema determinado, o Pleno do Consello Local da Inmigración decidirá a constitución de Comisións de Traballo con carácter temporal ou permanente, para a elaboración de informes e propostas e a realización das actividades pertinentes.

A Presidencia, logo de vista e aprobada a convocatoria por maioría do Consello e a proposta formulada polas asociacións que forman parte do mesmo, nomeará á persoa encargada da coordinación de cada Comisión de Traballo. Serán competencias da mesma impulsar e coordinar as actuacións da comisión correspondente así como exercer a súa representación.

## **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**



PRIMEIRA.

O Consello Municipal da Inmigración aprobará a súa composición que deberá ser posteriormente ratificada polo Pleno da Corporación Municipal. Asemade aprobará o seu calendario anual de xuntanzas ordinarias.

SEGUNDA.

O presente Regulamento, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal, entrará en vigor ó ser publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co sinalado no art. 70.2 de dita Lei.

Marín, 10 de xuño de 2009

O Alcalde accidental

Manuel Ruibal Pardavila